

# O neno de pau

*Conto musical*

*Autor: Toni Cantal*

*2021*

# O neno de pau



## Índice

Introdución.....	4
Presentación.....	4
Contexto .....	5
Teatro musical.....	5
Xustificación .....	5
Desenvolvemento do proxecto.....	6
Obxectivos.....	6
Ficha .....	7
Requirimentos.....	8
Instrumental.....	8
Vocal.....	8
Escénico.....	8
Sinopse argumental.....	9
Proxecto didáctico.....	10
Antecedentes e experiencias previas.....	10
Destinatarios .....	12
Actividades .....	12
Texto dramático: <i>O neno de pau</i> .....	13
Actividades para despois da función.....	18

## Introdución

### Presentación

A arte constitúe unha das formas de expresión máis cambiantes e adaptables a calquera situación, medio ou contexto. Actualmente, concíbese a arte como algo interactivo, que é capaz de integrar a acción do corpo no discurso emitido por calquera medio. Nesta concepción artística, o observador participa activamente, incluso cando pensa que é un mero espectador.

Cos avances tecnolóxicos e a tendencia á globalización que impera na sociedade actual, todas as artes estreitaron as súas barreiras e á tendencia á interacción consolidou. Desde os talleres até os *happenings*, esta conexión impera e a liña que separa actor e espectador converteuse nun fío cada vez máis difícil de diferenciar.

A versatilidade artística propiciou a aparición de proxectos multidisciplinares, onde non so convivían diferentes campos artísticos, senón que a presenza destes contribuía a enriquecer a vida artística, a sociedade e, en definitiva, aos seres humanos desde a idade máis temperá.

## Contexto

### Teatro musical

O teatro musical é un xénero capaz de unir a interpretación, a música e incluso a danza, onde se fusionan doutrinas que se enriquecen entre si chegando a provocar distintos estados de emoción no público. Os seus orixes están en diversas formas teatrais como a opereta, a ópera cómica, a comedia musical, a pantomima, o *minstrel show*, etc. e desde entón é un xénero capaz de conectar co espectador pola súa estrutura e estilo, ademais de que conseguiu ser do gusto dun público moi variado.

Nesta ocasión, as peculiaridades da obra fan que a escenografía non sexa o aspecto máis presente, posto que se minimiza en favor da parte musical, o que provoca un maior reto ao ter que conectar co oínte sen desenvolver á acción e, á vez, unha maior implicación do espectador na parte musical e argumental.

### Xustificación

Toni Cantal, compositor de *O neno de pau*, realiza no ano 2010 un estudio sobre os concertos didácticos no ámbito da educación musical en Galicia. Este traballo pretende, en primeiro lugar, explorar o interese que suscitan e analizar as características máis importantes das investigacións que se levaron a cabo estudando de preto estas experiencias co fin de obter o perfil de alumnado que asiste ás mesmas e coñecer a opinión que esperta neles este tipo de actividades con fins educativos. En segundo lugar, existe unha vinculación directa, dentro da súa labor compositiva, o interese na creación de música integrada nun espectáculo que leve a agrupar a todas as artes e que encerre en si mesmo obxectivos de carácter didáctico para que poda ser empregado como ferramenta fundamental dun proceso de aprendizaxe rico, artístico, creativo e enmarcado dentro dunha educación global.

Os concertos didácticos que se desenvolven seguindo esta liña inventiva estimulan ao oínte facilitándolle a comprensión da ensinanza que se lle transmite e enriquecen a súa imaxinación, xa que ao ser a música unha arte que expresa sen palabras, fará que esperten nel novas vías de comunicación é expresión. Polo tanto, partindo da idea de que calquera ensinanza é unha axuda para o noso crecemento, ou o que é o mesmo, afirmando que ensinar é axudar a crecer, os concertos didácticos engádense ao elenco de recursos que tratan de conseguir o afianzamento de aquilo que se aprende e o adestramento necesario para que o oínte encontre o camiño da arte musical.

A obra *O neno de pau*, concíbese como unha ferramenta de formación multidisciplinar a través dunha historia que dará renda solta á imaxinación e que captará a nosa atención desde o minuto un. Ademais, constitúe un vehículo para a educación nos principais valores humanos e o amor incondicional polos libros.

## Desenvolvemento do proxecto

### Obxectivos

É evidente que, tal e como afirman a maioría dos educadores, existe nos concertos didácticos un obxectivo común e primordial que é a formación do público, o acercamento da música ás novas xeracións para que participen dela, a coñezan e así poidan chegar ao seu desfrute.

*(...) de nada sirven la adquisición de importantes conceptos o de diversas habilidades si los alumnos no acaban su etapa escolar habiendo desarrollado el placer de hacer música (...), si no sienten el deseo de acercarse a la música como una de sus necesidades básicas, de sus nutrientes. (Neuman, 1998, p.151)*

Detállanse unha serie de obxectivos máis precisos e específicos:

- Fomentar a interacción e a riqueza das diferentes artes nun proxecto conxunto que destaque e aproveite as concomitancias entre elas, á vez que as súas peculiaridades.
- Valorar a música como elemento indispensable na formación educativa holística do neno.
- Favorecer o desfrute e a apreciación da obra musical desde a perspectiva artística e estética.
- Axudar a desfrutar, valorar e distinguir os diferentes xéneros musicais que existen como parte do enriquecemento cultural da persoa.
- Favorecer a valoración das obras de creación literaria e a súa importancia no desenvolvemento na educación dos nenos.
- Desenvolver a audición comprensiva, a expresión e a intelixencia musicais, e o xuízo crítico.
- Revalorizar o xénero musical (teatro musical), como paradigma da fusión e convivencia de diferentes artes e o conto como paradigma do xénero literario tradicional e de autor.

## Ficha

### *O neno de pau (2008)*

<b>Música</b>	Toni Cantal
<b>Duración aproximada</b>	50 minutos (música + texto)
<b>Texto</b>	Toni Cantal e Pavís Pavós
<b>Idioma</b>	Galego
<b>Público</b>	Todos os públicos
<b>Lugares de representación</b>	Auditorio/ Teatro
<b>Síntese breve</b>	O mundo dunha pequena fada sofre o esconxuro dun trasno. Ela é quen de agochase nun carballo e salvarse do feitizo, pero non poderá saír se non da resposta a unha adiviña. Co tempo, a madeira daquel carballo emprégase para facer un boneco que cae nas mans de Paula. A fada cóntalle a súa historia á nena, que non dubida en axudala na busca dunha solución.

## Requisitos

### Instrumental

FRAUTA 1  
FRAUTA 2 (alterna PICCOLO)  
ÓBOE 1  
FAGOT 1  
REQUINTO EN Eb 1  
CLARINETE Bb PRINCIPAL  
CLARINETE Bb 1.º, 2.º, 3.º  
CLARINETE BAIXO  
SAXOFÓN ALTO Eb 1, 2  
SAXOFÓN TENOR Bb 1  
SAXOFÓN BARÍTONO Eb 1  
TROMPETA Bb 1  
TROMPETA Bb 2 (alterna FLISCORNO)  
TROMPETA Bb 3  
TROMPA F 1, 2, 3  
TROMBÓN 1, 2, 3  
BOMBARDINO C 1, 2  
TUBA  
PERCUSIÓN I  
PERCUSIÓN II  
PERCUSIÓN III  
PERCUSIÓN IV  
PIANO

### Vocal

VOZ FEMININA (soprano-mezzosoprano)  
NARRACIÓN

### Escénico

A proposta concibiuse para a narración en directo dun número de persoas que permita diferenciar os distintos personaxes. A pesar de que non posúe un desenvolvemento escénico como convencionalmente se entende, hai certos elementos de atrezzo e movemento que axudarán a construír o espectáculo, obxectos moi significativos e claves no argumento da obra, xunto cunha posta en escena minimalista e elegante. O resultado é unha función centrada na música e no conto na que todos, público incluído, participen. Esta opción require contar con medios microfónicos (se pode ser sen fíos, mellor).

Non obstante, a proposta tamén pode facerse coa narración gravada, é dicir, en *off*. Neste caso sería preciso solicitarlla ao compositor, que achegaría tamén unha proxección que axude ao oínte de maneira visual no desenvolvemento da historia. Para esta opción, sería necesario contar na sala con equipo de reprodución de son e proxector.



## Sinopse argumental

Nun país habitado por fadas, trasnos e outros encantos todo era felicidade, xogos e risas. Un día, un trasno de nome Rosmón decidiu que xa non aguantaba máis tanta alegría, botou un arroteo e berrou un esconxuro. Ao que lle alcanzase o arroteo convertíao nunha estatua de pedra, pero unha das fadas foi quen de agocharse nun carballo e salvarse do feitizo. Iso si, tiña que quedar alí e non saír, a non ser que soubese a resposta dunha adiviña.

Paula e o seu avó vivían tranquilos nunha pequena vila. A nena estaba de aniversario, así que foron os dous en busca dun fermoso agasallo a unha carpintería onde facían bonecos. Paula escolleu entre todos eles e elixiu un bonequiño de madeira de carballo, mesmo parecía un neno de pau.

Paula xogaba horas e horas con aquel boneco, pero un día, cando menos o esperaba, o boneco comezou a falarlle. Ela case morre co susto, pero ao final entendeu que quen lle falaba non era o boneco, senón unha fada que vivía dentro del e que non podía saír por culpa do feitizo do trasno. Tras oír a súa historia, Paula decidiu que ía axudar á fada a buscar a solución da adiviña. Necesitarán moito enxeño para superar os obstáculos que atopen no camiño e moita axuda. Serán quen de conseguilo?

## Proxecto didáctico

### Antecedentes e experiencias previas

O 2 de novembro de 2008 a Orquestra Filharmónica de Pontevedra estrea *O neno de pau* no Teatro Principal da cidade, baixo a dirección de Javier Viceiro, nun ciclo de concertos en familia. Así recollía a prensa o evento:

*La Orquesta Filharmónica Cidade de Pontevedra ofrece O neno de pau, para narrador y orquesta, una adaptación del clásico Pinocho, con música original del compositor gallego Toni Cantal. Colabora en el concierto el grupo de teatro pontevedrés Pavís Pavós, que se ocupará de las adaptaciones textuales y la presentación escénica.*

*Se trata del segundo concierto en familia que tiene como objetivo acercar la música a los más jóvenes de la casa, gracias a un proyecto innovador pensado para ellos y para las familias (La voz de Galicia).*



Público familiar asiste al espectáculo en el Teatro Principal de Pontevedra (Faro de Vigo)

A banda de Música de Pontevedra facía o conto novamente no mesmo escenario no ano 2012, baixo a dirección de Juan Lois Diéguez.



O 26 de febreiro de 2019, a orquestra sinfónica do Conservatorio Superior de Música de Vigo celebraba no auditorio Martín Códax da cidade olívica un concerto didáctico con *O neno de pau* para preto dun millar de alumnos.

*Ayer arrancaron los Conciertos Didácticos organizados por el Conservatorio Superior de Música de Vigo en colaboración con el Concello. Más de un millar de escolares de una veintena de colegios e institutos de Vigo se citaron en el auditorio Martín Códax, donde disfrutaron de la obra "O neno de Pau", con música y texto de Toni Cantal, jefe del departamento de composición del centro vigués de O Castro.*

*El objetivo de estos conciertos, ya que durante la mañana se interpretaron en varias tandas, es trabajar sobre una unidad didáctica que previamente los escolares aprendieron en sus horas lectivas en el centro educativo.*

*En esta ocasión, "O neno de Pau" se trata de un cuento infantil que fue interpretado por el alumnado de diferentes especialidades del conservatorio (Faro de Vigo).*



## Destinatarios

## Actividades

### *Previas*

No caso dun concerto para escolares, a institución organizadora poderá solicitar que, para acadar un máximo rendemento didáctico, se facilite una guía de formación ao profesorado. Dita guía ofrecerá estratexias e materiais para presentar contidos co mellor aproveitamento da actividade. As propostas deben adecuarse ao currículo e deben aportar innovacións, activas e plenamente aplicables ao traballo de clase, se é posible antes do concerto. Ofreceranse diferentes actividades aos profesores: análise estrutural, melódico, rítmico, danzas sinxelas, recitado de canon, texturas, ostinati, musicogramas, etc.

O concerto debe ter un carácter atemporal e ser un referente constante, sen que dure unicamente o tempo da sesión do concerto. Isto é responsabilidade dos educadores, que deben avaliar os resultados, e de quen participa, que deberá aproveitar ao máximo o aprendido.

### *Posteriores*

As actividades posteriores están pensadas para os concertos para escolares, pero tamén para os concertos en familia. Despois de asistir ao espectáculo é recomendable realizar actividades na aula ou na casa que reforsen o adquirido. Por outra parte, sería interesante poder contar cunha enquisa que amosase o parecer das principais franxas de idade: nenos (xa incluída nas actividades posteriores a función), docentes e pais. É importante coñecer os pareceres de todos, pois *O neno de pau* foi concibido sempre como un espectáculo dinámico que contribúa ao enriquecemento do seu público xeral.

## Texto dramático: *O neno de pau*

### TEXTO 1

Había unha vez un país onde había un frondoso bosque habitado por fadas, trasnos, mouros e moitos outros encantos que cantaban, rían e xogaban á beira dun lago. As festas á luz da lúa duraban toda a noite.

Un día, o trasno Rosmón, amolado por unha dor de barriga, non puido soportar tanto cántico e tanta alegría. Así que, botou un arroteo que durou dez minutos e despois, sen coller aire, berrou un esconxuro para que todas as fadas parasen de cantar, bailar e rir.

O arroteo foise estendendo e cada vez que alcanzaba unha fada, quedaba convertida nunha estatua de pedra. Todas as fadas foron caendo enfeitizadas, pero unha, a máis pequena de todas, conseguiu agocharse no buraco dun carballo e salvouse do feitizo.

No medio daquel balbordo, unha bubela foise pousar naquel carballo e díxolle á pequena fada que o feitizo soamente quedaría desfeito cando atopase a resposta a esta adiviña:

Alto ou baixo  
dixitado ou de pé  
sempre está calado  
e non hai quen fale  
mellor ea el

E pensando, pensando, alí quedou, agochada durante anos e anos.

(♪ música)

### TEXTO 2

Moito tempo despois, ao amencer, o sol acordaba do seu soño nunha pequena vila.

(♪ música)

### TEXTO 3

Alí vivía unha nena chamada Paula que estaba de aniversario e como era moi boa o seu avó quería facerlle un agasallo que non esquecese nunca. (♪ música)

### TEXTO 4

Pola mañá cedo marcharon os dous a unha carpintería onde facían bonecos de madeira. Foron todo o camiño recordando vellas cancións e asubiando fermosas melodías. (♪ música)

### TEXTO 5

A carpintería era un lugar case máxico. Aqueles bonecos mesmo parecía que tiñan vida.

(♪ música)

### TEXTO 6

Os carpinteiros serraban, petaban, lixaban e pintaban, traballando con alegría. Paula estaba abraiada e ao final escolleu un boneco de madeira de carballo. Non era o máis bonito de todos, pero sentiu que era un boneco especial. Mesmo parecía un Neno de Pau. (♪ música)



### TEXTO 7

Paula pasou tooooda a tarde na praza da vila xogando co seu boneco. Imaxinou que estaban invitados a un baile nun castelo. Mentres bebían té e comían doces soaban valeses maravillosos. (♪ música)

### TEXTO 8

O avó de Paula pasaba o tempo vendo como a súa neta xogaba. (♪ música) Nunca se cansaba de vela porque aquela nena era o tesouro máis prezado que tiña e saber que era feliz enchíalle o corazón de alegría. (♪ música) Paula e o boneco bailaron e bailaron, (♪ música) e deron voltas, e saltiños.

Un, dous, tres, un, dous, tres... (♪ música)

### TEXTO 9

Fíxose tarde, e o avó de Paula, que era o campaneiro da vila estaba dando as nove da noite nas campás. A nena agarrou o boneco e marchou correndo sen mirar atrás. Subiu as escaleiras da torre tan rápido como puido. Todo quedaba en calma. As rúas estaban en silencio, e a aldea preparábase para durmir.

(♪ música)

### TEXTO 10

O avó e Paula cearon, limparon os dentes e deitáronse. Pero Paula, no seu cuarto, non podía durmir mirando ao seu novo boneco.

Paula- Tes os ollos abertos! Ti tampouco podes durmir, non si?

Neno de Pau- Os bonecos non durmimos.

Cando o boneco lle contestou, Paula case caeu da cama co susto. Despois de varios minutos debaixo das mantas, Paula atreveuse a sacar a punta do nariz e preguntou...

Paula- Quen anda aí? Quen falou?

Neno de Pau- Son eu, a fada que vive dentro do teu boneco!

Paula- Como? Unha fada dentro do meu boneco?

Neno de Pau- Si, eu estaba agochada dentro dun carballo, cando ese leñador apampado tallou a árbore e vendeu a madeira para facer bonecos.

Paula- Vaia historia! (♪ música)

### TEXTO 11

Neno de Pau- Si, pero agora ti tes que durmir. Eu cantareiche unha canción, e terás soños maravillosos.

(♪ música)

Canción “*Nun mundo máxico*”

*Cando anoitece podes contemplar o brillo das estrelas  
imaxinando que podes voar ó redor dunha delas*

*Compre cantar para sorrir nun mundo máxico  
Compre querer e ser feliz nun mundo máxico  
Compre aprender a compartir nun mundo máxico  
Compre soñar para vivir nun mundo máxico...  
Máxico...  
(♪ mús i ca)*

## **TEXTO 12**

Paula quedou durmida escoitando aquela fermosa canción, e soñou co país das fadas.

## **TEXTO 13**

Era un lugar marabilloso, cheo de luz e de moitas cores. Todas as fadas recibírona batendo as ás, levantárona con moito agarimo e levárona ao trono de prata que había nun palacio de cristal onde sería proclamada raíña. (♪ mús i ca)

## **TEXTO 14**

Pola mañanciña, Paula acordou moi contenta polos doces soños que tivera. E contoullos a fada que vivía dentro do seu boneco.

Paula- Qué fermoso é o país no que vives!

Neno de Pau- Era moi fermoso, pero xa non é así. Un trasno malvado enfeitizounos, e só poderemos romper o meigallo se descubro a solución a esta adiviña:

Alto ou baixo  
deitado ou de pé  
sempre está calado  
e non hai quen fale  
mellor ca el

Paula non sabía a resposta, pero decidiu axudar á fada. Colleu o boneco e botou a andar en busca da solución.

## **TEXTO 15**

Camiñou e camiñou e facendo equilibrios no pau dunha vasoira, topou unha vella moi vella que era unha bruxa.

## **TEXTO 16**

Paula sabía que ás bruxas hai que falarlles con moito tino, e despois de pensar un pouco dixo:

Paula- Bruxa negra que me asustas, responde a isto se ti gustas!

Alto ou baixo  
deitado ou de pé  
sempre está calado  
e non hai quen fale  
mellor ca el

Bruxa- Pois claro meniña, mira que es disposta! Métete nesta pota que no fondo está a resposta. Pasa,pasa!

Pero Paula, que non era parva, non,... fuxiu a fume de carozo.

#### **TEXTO 17**

Foi descansar á beira dunha fonte, e mentres bebía notou un alento quente e noxento na caluga. Moi a modiño deu a volta e viu que alí estaba un lobo enorme.

#### **TEXTO 18**

Paula- Lobo negro e peludo, responde a isto e non sexas rabudo.

Alto ou baixo  
deitado ou de pé  
sempre está calado  
e non hai quen fale  
mellor ea el

Lobo- Pois claro meniña, mira que es disposta! Métete na miña boca que no fondo está a resposta.

Pero Paula, que non era parva, fuxiu a fume de carozo.

#### **TEXTO 19**

Parou á beira dunha casa, e mentres descansaba notou un alento quente e pequeno na caluga. Moi a modiño deu a volta e viu que alí estaba un rato pequeniño.

#### **TEXTO 20**

Paula- Rato ratiño, responde a isto con cariño

Alto ou baixo  
deitado ou de pé  
sempre está calado  
e non hai quen fale  
mellor ea el

Rato- Pois claro meniña, mira que es disposta! Eu vouche dar a resposta. Éche un libro.  
(A nena mira para o público e pregunta)

#### **TEXTO 21**

Paula- Será a resposta? A ver, que todos os que pensen que a resposta é boa, que levanten as mans...

#### **TEXTO 22**

Agora!

#### **TEXTO 23**

Non estou moi segura, todos os que pensen que é a resposta teñen que aplaudir...



**TEXTO 24**

Agora!

**TEXTO 25**

Paula- Claro! Esa é a resposta! Un libro!

Nese momento, a fada saíu do boneco de madeira e empezou a dar voltas polo ceo. Posouse enriba da nena e cun bico na fronte converteu a Paula na nova raíña das fadas.

E xuntas volveron dar vida ao bosque encantado. (♪ mús í ca)

**TEXTO 26**

As demais fadas quedaron liberadas do feitizo do trasno e todos os seres que habitaban no bosque celebraron unha gran festa.

(♪ mús í ca)

**TEXTO 27**

E colorín colorado, este conto está rematado.



Ola! Son Paula, a protagonista do conto *O neno de pau*.  
 Queres xogar comigo? Axúdame a resolver as seguintes adiviñas!  
**ADIANTE!**

## Barullo de letras

Busca e rodea cun círculo os nomes dos oito personaxes do conto *O neno de pau*. Serás quen de recordalos todos?

B	U	O	N	V	H	I	X	C	H	U	W
R	A	Y	R	O	C	E	N	O	B	Ñ	D
U	Ñ	F	H	D	H	R	O	V	X	F	V
X	Y	Y	K	U	F	N	P	J	N	Ñ	O
A	T	X	L	G	S	A	Z	X	N	E	Ñ
T	Z	N	U	A	U	S	D	V	Y	L	Q
C	Z	P	R	L	B	Z	V	A	D	K	Y
A	R	T	A	U	P	M	Ñ	G	N	O	G
I	E	N	E	B	M	T	C	L	L	A	A
O	Ñ	I	T	A	R	Ñ	Q	Z	G	V	L
Z	R	E	K	H	O	B	O	L	O	U	H
R	A	S	M	U	X	R	A	G	T	U	R


P \_ \_ \_ \_  
 B \_ \_ \_ \_  
 F \_ \_ \_  
 A \_ \_  
 B \_ \_ \_ \_  
 T \_ \_ \_ \_  
 L \_ \_ \_  
 R \_ \_ \_ \_




## Cada ovella coa súa parella

Cada personaxe do conto tiña algo polo que os demais podían recoñecelo. Axuda ao ratiño e relaciona.

- |        |           |
|--------|-----------|
| Paula  | Arroto    |
| Ratiño | Vasoira   |
| Avó    | Ás        |
| Lobo   | Pau       |
| Fada   | Nena      |
| Bruxa  | Pequeniño |
| Trasno | Velliño   |
| Boneco | Peludo    |



# Adiviña, adiviñanza



Busca unha solución!  
Se non a atopas ordeas as letras  
para darme unha resposta.

Aínda que ten dentes  
e garda a casa  
nin roe nin ladra.

C A V E H

Unha cousiña cousa  
que nace no monte  
no monte se cría  
e cando chega a casa  
cochea as esquinas.

A S I R O V A

Un pratiño de noces  
que pola noite se espallan  
e polo día se agochan.




S E T L A R S E



COLOREA

# Crucigrama

O boneco de madeira non é quen de recoñecer algún destes instrumentos musicais. E ti?



COLOREA